

PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 23.01.2018, 2018-E-RPLN-2).

PLENO 25 XANEIRO 2018. ACTA 01/2018

4. Sobre o Valedor Veciñal. *No mes de xullo formulamos un rogo sobre avaliar a posibilidade de crear a figura do Valedor Veciñal tal como formula o Regulamento Municipal de Participación da Veciñanza. O alcalde tomou nota e afirmou que se trataría en xunta de voceiros. Así pois, PREGUNTAMOS:*

Poderían aproveitar o presente pleno para informar á veciñanza de Redondela se ten estudado esta proposta e cando vaia avaliála en xunta de voceiros tal como se comprometera hai 6 meses?

Resposta a Sra. Amoedo: este goberno ten enriba da mesa moitos temas urxentes e importantes como o PXOM, afeccións AP9, terreos colexio, 2020 EDUSI. Redondela tamén ten unha oficina ó consumidor para todo o que sexa preciso, hai canles.